

ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

Coordinación STEMbach na Facultade/Escola UVigo:	
Nome: Emilio Rolán Álvarez	
Enderezo electrónico: rolan@uvigo.es	Teléfono: 986812578
Dirección do proxecto Uvigo:	
Nome: Iria García Moreiras	
Enderezo electrónico: iriagamo@uvigo.gal	Teléfono: 633771302
Co-dirección do proxecto UVigo:	
Nome: Aida García Molares	
Enderezo electrónico: molares@uvigo.gal	Teléfono: 986 812 627
Bienio	2023/2025
Número de participantes (máx. 4)	1- 2

NOTA: Os custos derivados da execución deste proxecto de investigación tales como os desprazamentos do profesorado da UVigo ao centro educativo ou doutras actividades establecidas no plan de traballo, correrán a cargo do centro educativo ao que se asigne este proxecto.

Título

Comparación da flora non vascular nunha plantación de *Eucalyptus* spp. nun bosque mixto con árbores autóctonas

Resumo

Os bosques autóctonos albergan unha elevada biodiversidade, presentan gran resiliencia ás perturbacións, actúan como almacén de carbono estable e proporcionan innumerables recursos e servizos ecosistémicos; por tanto, promover a súa conservación é unha prioridade. Non obstante, a integridade e diversidade das fragas galegas estase vendo ameazada, entre outros factores, polo establecemento de plantacións forestais, como as de eucalipto. Ademais da súa boa adaptación ao clima e solo galegos, o seu carácter invasor e os incendios forestais favorecen a proliferación dos eucaliptos. Estas especies exóticas compiten cas especies nativas, e en xeral teñen un impacto negativo sobre a biodiversidade local. Este estudio tense deseñouse para investigar a influencia dos eucaliptais na riqueza taxonómica e abundancia de plantas non vasculares (fungos, líques e briófitos), para o que se propón un estudio comparativo entre unha parcela con especies do xénero *Eucalyptus* e outra con árbores autóctonas (fraga ou bosque mixto con carballos e outras especies nativas). Moitas especies de líques e briófitos son moi sensibles aos cambios ambientais e por iso son considerados potenciais indicadores da integridade dos bosques, un criterio relevante na planificación de estratexias de xestión e conservación destes ecosistemas.

Obxectivo

Coñecer o método científico e participar nun pequeno proxecto de investigación na área da botánica. O obxectivo específico deste proxecto é comparar a riqueza e abundancia de especies de plantas non vasculares entre dúas parcelas: unha con eucaliptos e outra con especies arbóreas autóctonas.

Plan de traballo

Tarefas e duración estimada:

1. Reunión preliminar (despacho). Introducción do método científico, algún conceptos básicos sobre botánica, taxonomía e as técnicas de mostraxe no campo. Selección das parcelas de estudo e deseño da estratexia de mostraxe. Bibliografía básica (2-3 horas, 1 ou varias sesións).

2. Traballo de campo. Toma de datos e recolección de exemplares.

2.1. Visita á parcela de *Eucalyptus* spp. (~ 3 horas).

2.2. Visita á parcela de bosque autóctono (~ 3 horas).

Este traballo incluírá a realización de fotos, a identificación dos grupos taxonómicos que sexa posible no campo, utilizando unha guía de identificación e estimación da súa cobertura. Recolleranse exemplares dubidosos ou difíciles de identificar no campo.

3. Traballo de laboratorio. Clasificación e identificación do material colleitado (~ 6 horas, en varias sesións).

3.1. Observación da morfoloxía mediante lupa ou microscopio, realización de cortes para a súa observación no microscopio, uso de guías de identificación, realización de probas químicas o de coloración sinxelas, etc.

3.2. Preparación do herbario para a conservación dalgúns exemplares interesantes.

4. Análise e tratamento de datos. Realización de análises estatísticas básicas e representación dos resultados en gráficos ou diagramas. Interpretación dos resultados. Planificación da realización da memoria, que seguirá en modalidade non presencial (5-6 horas, en varias sesións).

5. Realización da memoria escrita e da presentación para a súa exposición (titorización e seguimento virtual, mediante campus remoto ou Skype).